A área de Educación física ten como finalidade principal a competencia motriz do alumnado, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesión de Educación física como na súa vida cotiá; sempre de forma coherente e en concordancia ao nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención a diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e sempre buscando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente. A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, especialmente as Competencias Social e Cívica, Aprender a Aprender, Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor, Conciencia e Expresións Culturais e Matemática e Científico Tecnolóxica e, en menor medida, a Competencia en Comunicación Lingüística e a Competencia Dixital.

Na educación primaria, o alumnado explorará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades motrices. Isto implica mobilizar toda unha serie de habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino-aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permitan adaptar a conduta motriz a diferentes contornas.

Nesta etapa, as competencias adquiridas deben permitir comprender o seu corpo, as súas posibilidades e desenvolver as habilidades motrices básicas con complexidade crecente a medida que se progresa nos sucesivos cursos. As propias actividades axudarán ademais a desenvolver a relación cos demais, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas en canto as capacidades psicofísicas entre as nenas e os nenos, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

A Educación física ao longo da educación primaria ten no xogo o máis importante recurso como situación de aprendizaxe e ferramenta didáctica polo seu carácter motivador. Debemos destacar os xogos tradicionais galegos que xunto coas danzas e bailes propias de Galicia, supoñen un elemento

importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural ademais de fomentar as relacións interxeracionais.

A proposta curricular de Educación física permitirá organizar as aprendizaxes dos alumnos e as alumnas ao longo do paso polo sistema educativo, tendo en conta o seu nivel madurativo, a lóxica interna das diversas actividades e aqueles elementos que afectan de maneira transversal a todos os bloques como son as capacidades físicas e coordinativas, os valores sociais e individuais e a educación para a saúde.

Pero a educación física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza o dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións:

De coñecemento (de si mesmo/a, e do contorno),

De organización perceptiva (desenvolvendo a percepción do propio corpo, do espazo e do tempo),

Anatómico-funcional (incrementando as habilidades e mellorando a condición física),

Estético/comunicativa (por medio de manifestacións artísticas e de comunicación),

De relación social coas demais persoas (interaccionando co resto de participantes),

Agonística (esforzándose e superando dificultades),

Hixiénica (mellorando a saúde e previndo enfermidades),

Hedonista (como fonte de gozo),

De compensación (fronte á vida sedentaria),

Catártica (para liberar tensións).

Especialmente importante é a relación que a educación física ten coa saúde. A actividade física ben practicada mellora o benestar e a calidade de vida. No que atinxe a esta área dentro da educación primaria, dásele importancia á saúde ao dedicárselle un bloque de contidos. Preténdese que o alumnado adopte medidas de hixiene corporal na actividade física e na vida cotiá, que adquira pautas de alimentación correctas, que rexeite as substancias nocivas, que empregue as posturas corporais precisas nas súas accións, que mellore o coñecemento do seu corpo e do contorno que o rodea e mais que incremente o nivel de condición física e, por conseguinte, a súa saúde.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á atención á diversidade. Por medio da educación física desenvólvense interaccións co resto de persoas, o que favorece as relacións construtivas, o respecto, a aceptación, a cooperación, a autonomía, a participación, o sentido crítico e o logro de obxectivos comúns, propiciados polas múltiples e variadas agrupacións que se poden formar. Igualmente, en educación física débese incidir na coeducación e na igualdade de oportunidades entre ambos os sexos. As actividades

propostas atenderán do mesmo xeito os nenos e as nenas, integrando todas as persoas participantes indistintamente para poder acadar os obxectivos. O profesorado deberá equilibrar as actividades e materiais de xeito que non predomine ningún estereotipo e seleccionar aqueles que contribúan á participación equilibrada e motivada de nenos e de nenas. Outro aspecto que hai que ter en conta para favorecer a igualdade entre os sexos son as expectativas que o profesorado ten con respecto ás nenas e aos nenos, así como as expresións que se utilicen para favorecer as súas execucións e os resultados. Finalmente, a educación física responde á necesidade e á capacidade de moverse que teñen os nenos e as nenas.

Desde esta perspectiva, a área de educación física divídese en seis bloques de contidos:

No primeiro bloque, Contidos comúns, Os contidos deste bloque, pola súa natureza transversal, traballaránse ao longo do curso en combinación cos contidos do resto dos bloques dado que trata aspectos como: os valores que teñen por referente o corpo, o movemento e á relación coa contorna, a educación viaria, a resolución de conflitos mediante o diálogo e aceptación das regras establecidas, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e espazos e a integración das Tecnoloxías da Información e Comunicación.

No segundo bloque, O corpo: imaxe e percepción, trátanse as capacidades perceptivas. Veñen representadas polo esquema corporal, co coñecemento das partes do corpo e das súas posibilidades de movemento; pola percepción do espazo e pola do tempo. Tamén se inclúen neste bloque o equilibrio, debido á relación que ten coa percepción, o ton muscular (preciso para adoptar posturas cotiás) e a capacidade para relaxarse, así como a respiración.

A percepción do contorno comprende a do espazo e a do tempo, aspectos que evolucionan paralelamente ao desenvolvemento madurativo das nenas e dos nenos entre os 6 e os 12 anos (período de operacións concretas), idades de referencia da educación primaria. O equilibrio, pola súa banda, está en estreita relación coa actividade tónica e postural, aspectos presentes no esquema corporal.

O terceiro bloque, Habilidades motrices, céntrase nos aspectos cuantitativos do movemento, nas habilidades e na coordinación, capacidades que lle permiten ao alumnado moverse con eficacia e con eficiencia, facilitando a adaptación a situacións motrices complexas. A coordinación mellórase con gran cantidade e variedade de movementos, polo que vai estar moi relacionada coa adquisición das habilidades.

O cuarto bloque, Actividades físicas artístico expresivas, abrangue aspectos relacionados coa expresividade e coa comunicación utilizando o propio corpo a través do movemento. Aquí englábanse o ritmo, os bailes e danzas, a expresión, a imitación, a representación e a dramatización. O ritmo mellora a percepción temporal, polo que se relaciona co primeiro bloque de contidos. Desenvolverase a través de actividades con música, bailes, danzas ou coreografías, en función da idade do alumnado. Outro dos aspectos específicos da expresión corporal é a dramatización e a comunicación a través do corpo. Esta incentivarase coa utilización de obxectos e coa interacción con outras persoas

para representar personaxes, ideas, emocións, sentimentos, situacións... Valorarase especialmente a superación do medo ao ridículo, o respecto polas execucións alleas, a participación e o gozo practicando estas actividades. Favorecerase a creatividade incentivando o alumnado para que se exprese por medio de accións de acordo cuns estímulos dados e para que elabore coreografías en grupo xa nos últimos cursos.

O quinto bloque, Actividade física e saúde, engloba todos aqueles contidos relacionados coa mellora da saúde e da calidade de vida en que a educación física pode influír. Algúns dos aspectos deste bloque son a hixiene (tanto corporal como postural), a alimentación, a condición física enfocada á saúde (que se relaciona co segundo bloque), a adopción de medidas de seguridade e a prevención de accidentes. A hixiene corporal estará presente desde idades temperás. Fomentarase a hixiene do propio corpo, facendo fincapé no aseo e no cambio de roupa despois da sesión de educación física, buscando a perduración deste hábito ao longo da vida. En canto á hixiene postural, traballarase a aprendizaxe de posturas correctas, tanto relacionadas co exercicio físico coma coa vida cotiá. A alimentación ten especial relevancia na actualidade, xa que nos últimos anos se incrementaron os problemas relacionados cos hábitos alimenticios e coa falta de práctica de actividade física (anorexia, obesidade...); por iso ten que levarse a cabo un labor de concienciación en todos os ciclos como base para unha aprendizaxe ao longo da vida. Finalmente, as nenas e os nenos destas idades deben ser responsables con respecto á práctica da educación física e o deporte e coñecer certos parámetros (quecemento, relaxación, dosificación...) que evitarán accidentes e riscos innecesarios.

O sexto bloque, Os xogos e as actividades deportivas, presenta contidos relacionados co xogo e coas actividades deportivas, entendidos como manifestacións culturais da motricidade humana. O xogo pode ser un recurso metodolóxico ou un contido con sentido propio, con fin en si mesmo. Neste caso priorízanse aspectos relativos á práctica de xogos e de deportes, á realización de xogos populares e tradicionais galegos e ao respecto polas normas e polas compañeiras e compañeiros. O xogo está presente case desde o nacemento e vai evolucionando coa persoa. Antes, o xogo usábase cando non se estaba a traballar, como distensión, mais as correntes pedagóxicas actuais indican que é unha boa maneira de conseguir os obxectivos previstos (xogo como medio). Utilizaranse estratexias de cooperación, de oposición e de cooperación/oposición, experimentando a tensión intrínseca do xogo, aceptando a vitoria e a derrota, amosando respecto polo resto das persoas que xogan e polas normas e regras. Os xogos populares tradicionais de Galicia estarán presentes en todos os ciclos desta etapa educativa, de maneira que a área

contribúa á conservación da cultura galega.

Esta agrupación en bloques non determina métodos concretos, responde a unha forma de organizar os contidos que deben ser abordados dun xeito enlazado atendendo á configuración cíclica do ensino da área, construindo uns contidos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables de forma que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Tampouco implica unha organización pechada, pola contra permitirá organizar de diferentes maneiras os contidos, adoptando a metodoloxía máis axeitada ás características destes e do grupo de alumnos e alumnas. Para rematar, a actividade física debe ser enfocada de tal xeito que mellore as relacións afectivas e potencie as actitudes e valores dunha sociedade solidaria e respectuosa coas persoas, sen distincións por razón de sexo, de etnia, de relixión, de ideoloxía, de capacidade física ou sensorial...

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comezamos O Curso	Presentación da área, elaboración das normas do curso, xogos de presentación, desinhibición e avaliación inicial.nicio. Medidas Antropométricas	6	6	X		
2	Os meus Sentidos	Desenvolvemento das nosas cualidades e capacidades persoais e sociais	6	5	X		
3	Coñecemento do Corpo: Esquema Corporal e Lateralidade	Desenvolvemento do coñecemento e das posibilidades e limitacións do noso corpo	10	8	X		
4	Espazo e Tempo	Desenvolvemento das Capacidades perceptivas de Espazo e Tempo.	10	8	X		
5	Somos Equilibristas	Desenvolvemento das accións corporais con diferentes bases de sustentación	8	6		X	
6	Hábiles, áxiles e coordinados	Desenvolvemento das posibilidades coordinativas e de axilidade do corpo	10	6		X	
7	Xogos de implementacións de obxectos	Coñecemento e desenvolvemento das actividades das nosas xeneracións pasadas: avós e avóas	8	4		X	
8	Xogos alternativos	Coñecemento e desenvolvemento de xogos e actividades para desenvolver no patio ou na rúa nos periodos de lecer	8	4		X	
9	Xogos Populares e Tradicionais	Desenvolvemento de xogos e actividades motrices coa implementación de pelotas ou balóns	10	6			X
10	Comunicación Corporal	Desenvolvemento das capacidades ou posibilidades e limitacións da nosa Expresión Corporal	8	6			X
11	Xogando coa nosa Contorna	Desenvolvemento de diferentes situacións que supoñan un novo aprendizaxe	6	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	As nosas Olimpíadas	Creación das Nosas propias Olimpíadas 2024	10	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Comezamos O Curso	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos dun estilo de vida activo Táboa de indicadores (1-11) Mínimo de consecución: 5	TI	100
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural Táboa de indicadores (1-11) Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA1.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentado xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentado xestionalas e gozando da actividade física. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA1.6 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respectar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA2.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios		
CA2.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural Táboa de indicadores (1-11) Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA2.3 - Participar en xogos de activación e volta á calma recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA2.4 - Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA3.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural Táboa de indicadores (1-11) Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA4.1 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA4.2 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA5.3 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural Táboa de indicadores (1-11) Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.2 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.4 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Alimentación saudable e hidratación. - Educación postural en situacións cotiás. - Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física. - Saúde social: - A actividade física como práctica social saudable. - Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais. - Saúde mental:

Contidos

- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
- Benestar persoal e na contorna a través da motricidade.
- Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos.
- Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.
- Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma.
- Toma de decisións en situacións motrices diversas:
- Adecuación das accións ás capacidades e ás limitacións persoais en situacións motrices individuais.
- Coordinación de accións en situacións cooperativas.
- Decisión sobre a posición corporal e a distancia adecuadas en situacións que impliquen oposición sen contacto e con contacto.
- Esquema corporal:
- Conciencia corporal.
- Lateralidade e a súa proxección no espazo.
- Técnicas básicas de respiración e relaxación/contracción para controlar o corpo e ser aplicadas en distintas situacións motrices cotiás.
- Percepción espazo-temporal. Nocións básicas (arriba-abaxo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita) para orientarse no espazo.
- Capacidades físicas desde o ámbito lúdico e o xogo.
- Habilidades e destrezas motrices básicas xenéricas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos externos e internos.
- Xestión emocional: estratexias de identificación, experimentación e manifestación de emocións, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.
- Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices.
- Respecto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Usos comunicativos da corporalidade: xestos, acenos, posturas e outros.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo.
- Posibilidades motrices dos espazos de xogo e espaxamento infantil.
- Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
2	Os meus Sentidos	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable para un estilo de vida activo Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI	TI	100
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA2.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable para un estilo de vida activo Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA2.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA2.3 - Participar en xogos de activación e volta á calma recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Participar e recoñecendo a utilidade dos xogos de activación e volta á calma. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA3.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada ás circunstancias. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA3.5 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade a diferentes ritmos e contextos Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA4.2 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA5.3 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Adaptar os usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións aos distintos ritmos e contextos expresivos. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.2 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Utilizar de forma adecuada o material e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Alimentación saudable e hidratación. - Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física. - Saúde social: - Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais. - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Benestar persoal e na contorna a través da motricidade. - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos. - Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver. - Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma. - Toma de decisións en situacións motrices diversas: - Adecuación das accións ás capacidades e ás limitacións persoais en situacións motrices individuais. - Coordinación de accións en situacións cooperativas. - Esquema corporal: - Conciencia corporal. - Lateralidade e a súa proxección no espazo.

Contidos

- Equilibrio estático e dinámico.
- Técnicas básicas de respiración e relaxación/contracción para controlar o corpo e ser aplicadas en distintas situacións motrices cotiás.
- Percepción espazo-temporal. Nocións básicas (arriba-abaxo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita) para orientarse no espazo.
- Habilidades e destrezas motrices básicas xenéricas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos externos e internos.
- Xestión emocional: estratexias de identificación, experimentación e manifestación de emocións, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.
- Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices.
- Respecto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas como manifestación da propia cultura.
- Usos comunicativos da corporalidade: xestos, acenos, posturas e outros.
- Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo.
- Posibilidades motrices dos espazos de xogo e espaxamento infantil.
- Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
3	Coñecemento do Corpo: Esquema Corporal e Lateralidade	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos dun estilo de vida activo Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA2.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos dun estilo de vida activo Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA2.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA2.3 - Participar en xogos de activación e volta á calma recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Participar e recoñecendo a utilidade dos xogos de activación e volta á calma. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA2.4 - Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA2.6 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA3.2 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en contextos de práctica motriz Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA4.2 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas e as regras de xogo, Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA5.3 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Adaptar os usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións aos distintos ritmos e contextos expresivos. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.2 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.4 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Utilizar de forma adecuada o material e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Alimentación saudable e hidratación. - Educación postural en situacións cotiás. - Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física. - Saúde social: - Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais. - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Benestar persoal e na contorna a través da motricidade. - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos. - Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver. - Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma. - Toma de decisións en situacións motrices diversas: - Adecuación das accións ás capacidades e ás limitacións persoais en situacións motrices individuais. - Coordinación de accións en situacións cooperativas. - Decisión sobre a posición corporal e a distancia adecuadas en situacións que impliquen oposición sen contacto e con contacto. - Esquema corporal: - Conciencia corporal. - Lateralidade e a súa proxección no espazo. - Coordinación óculo-pédica e óculo-manual. - Equilibrio estático e dinámico.

Contidos

- Técnicas básicas de respiración e relaxación/contracción para controlar o corpo e ser aplicadas en distintas situacións motrices cotiás.
- Percepción espazo-temporal. Nocións básicas (arriba-abaxo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita) para orientarse no espazo.
- Habilidades e destrezas motrices básicas xenéricas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos externos e internos.
- Xestión emocional: estratexias de identificación, experimentación e manifestación de emocións, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.
- Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices.
- Respecto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Usos comunicativos da corporalidade: xestos, acenos, posturas e outros.
- Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo.
- Posibilidades motrices dos espazos de xogo e esparexemento infantil.
- Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
4	Espazo e Tempo	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos dun estilo de vida activo Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI	TI	100
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postura Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA2.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.2 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.3 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada ás circunstancias. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das mesmas. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Utilizar de forma adecuada o material e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Alimentación saudable e hidratación. - Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física. - Saúde social: - A actividade física como práctica social saudable. - Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais. - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Benestar persoal e na contorna a través da motricidade. - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos. - Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver. - Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal. - Planificación e autorregulación de proxectos motores sinxelos: obxectivos ou metas. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma. - Toma de decisións en situacións motrices diversas: - Adecuación das accións ás capacidades e ás limitacións persoais en situacións motrices individuais. - Coordinación de accións en situacións cooperativas. - Axuste da acción á localización do adversario en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.

Contidos

- Selección de accións para manter a posesión, recuperar o móbil ou evitar que o atacante progrese en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos externos e internos.
- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.
- Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices.
- Respecto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas como manifestación da propia cultura.
- Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.
- Deporte e perspectiva de xénero: referentes no deporte de distintos xéneros.
- Normas de uso da vía pública: educación viaria para peóns. Mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.
- Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
12	As nosas Olimpíadas	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI	TI	100
CA1.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer a importancia de establecer metas claras á hora de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Recoñecer a importancia de establecer metas claras á hora de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución tras unha análise dos resultados obtidos. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA2.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos dun estilo de vida activo Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA2.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA2.3 - Participar en xogos de activación e volta á calma recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Participar e recoñecendo a utilidade dos xogos de activación e volta á calma. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA2.5 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada a cada individuo Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA2.7 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participar activamente e gozar dos xogos e outras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das mesmas. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA3.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA3.2 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA3.4 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participar activamente e gozar dos xogos e outras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA4.5 - Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos.	Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xénero Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA4.6 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das mesmas. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participar activamente e gozar dos xogos e outras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.2 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.3 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións de maneira axustada en contextos de práctica motriz segundo as circunstancias. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.5 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das mesmas. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Utilizar de forma adecuada o material e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado. Mínimo de consecución: 5 Mínimo de consecución: SI		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma. - Toma de decisións en situacións motrices diversas: - Coordinación de accións en situacións cooperativas.

Contidos

- Axuste da acción á localización do adversario en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Selección de accións para manter a posesión, recuperar o móbil ou evitar que o atacante progrese en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos externos e internos.
- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.
- Respecto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas como manifestación da propia cultura.
- Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.
- Deporte e perspectiva de xénero: referentes no deporte de distintos xéneros.
- Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía respectará dúas condicións básicas:

1. Os procesos individuais de aprendizaxe.
2. A incidencia nos procesos cognitivos e afectivos de todo tipo de aprendizaxe.

A nivel global empregaremos unha metodoloxía construtiva, achegándonos á realidade do alumnado e ás súas diferenzas individuais, tentando que a través das actividades superen as súas limitacións.

Nas sesións a metodoloxía é globalizadora, participativa e lúdica. A través do xogo tentaremos fomentar a exploración, o descubrimento, a creatividade e sobre todo unha valoración positiva das posibilidades de cada un/unha. Dependendo dos obxectivos a acadar empregaremos un método conducido (intervención máxima do mestre. Aprendizaxe por mando directo), semiconducido (intervención media do mestre. Aprendizaxe por descubrimento guiado) ou non conducido (mínima intervención do mestre. Aprendizaxe mediante a busca).

O alumnado asume e asimila de xeito práctico os coñecementos sobre o seu corpo e sobre o seu funcionamento, así como as súas posibilidades motrices e experimenta con elas. Nós temos unha función dinamizadora e integradora, entendida en sentido positivo de ánimo e guía para descubrir novas opcións e posibilidades. Esta información basearase no desenvolvemento da actividade motriz máis que no resultado da mesma. Por iso centraremos no xogo as súas aprendizaxes motrices, xa que é unha actividade querida e constante. Por iso o aspecto lúdico xogará un papel importante en todo o noso proceso de ensino - aprendizaxe.

Na introdución da área de Educación Física do devandito Decreto 155 dise que "A Educación Física ao longo da Educación Primaria ten no xogo o máis importante recurso como situación de aprendizaxe e ferramenta didáctica polo seu carácter motivador". Polo tanto, utilizarase o xogo como recurso metodolóxico en todas as sesións da programación (cando menos na animación e na volta á calma).

Cagigal defíneo como unha "acción libre, espontánea, desinteresada e intranscendente, que xorde da vida habitual, se efectúa nunha limitación espacial e temporal, conforme a unhas determinadas regras, establecidas ou improvisadas, e o elemento informativo da cal é a tensión". A súa utilización é moi recomendable en Educación Primaria por moitas das súas características: motivante, lúdico, educativo, libre, gratuíto, divertido, ficticio, evasivo, convencional...; ademais de que favorece unha aprendizaxe adaptativa, creativa, coeducativa, espontánea, natural, significativa, integral e persoal por parte do alumnado, quen aprende de forma pracenteira e sen decatarse, pero de forma significativa.

Propomos actividades que supoñen un esforzo e un reto, adecuándoas sempre ás capacidades do alumnado. Estimularemos, suxeriremos, orientaremos, controlaremos o risco, achegaremos ideas e posibilidades, pero o

alumnado será e saberá ser o protagonista da súa propia acción motriz.

Serviranos de motivación que aprendan a aplicar as súas aprendizaxes motrices a unha actividade tan querida e constante como é o xogo. Na organización da clase evitaremos, na medida do posible, os tempos mortos e de espera, para o que contaremos co material suficiente ou diversificaremos as actividades, precisando dun menor número de elementos de cada tipo de material pero maior variedade de materiais a empregar. Proporanse actividades que requiran esforzos, habilitando convenientemente os tempos de recuperación mediante a diversidade no tipo de actividades.

A metodoloxía a utilizar será:

- Aberta: empregando diferentes estilos de aprendizaxe, en función dos obxectivos que pretendemos conseguir e das características do alumnado.

- Flexible: permitindo axustar as propostas ao ritmo individual do alumnado. Non nos basearemos en propostas de traballo que fixen unha meta ou unha marca igual para todos/as. As propostas que fagamos coñecerán a realidade individual de cada alumno/a, permitindo que sexa desenvolvida en función das súas posibilidades.

- Activa: o alumnado será o protagonista da súa propia acción. Partiremos da necesidade de actividade do alumnado desta idade para ir canalizándoa ata obter os obxectivos pretendidos. Non basearemos as propostas de traballo en repeticións de modelos, non deixaremos que fagan o que queiran, senón que mediante as propostas activas faremos que o alumnado se sinta protagonista da súa propia conduta motriz.

Participativa: favoreceremos o traballo en equipo para fomentar o compañeirismo e a cooperación. O que evitaremos é a competitividade, esta debemos intentar que a entendan como a superación dunha dificultade, como unha forma lúdica de relación con outros, non como rivais a quen haxa que gañar. Só se a entenden así, a competición estará desenvolvendo a sociabilización a través do xogo e da práctica deportiva.

- Indutiva: favoreceremos o autoaprendizaxe, de forma que sexan quen de resolver problemas motrices, organizando o seu propio traballo, constatando e comprobando a súa mellora, tanto en actitudes como en habilidades e destrezas.

- Integradora: aglutinaremos nun só proceso a técnica, habilidades e destrezas propias da educación física. Teremos unha formulación cualitativa, non cuantitativa. Non haberá unha resposta motriz única, senón que haberá unha mellora da actividade motriz en relación ao momento de partida.

- Lúdica: o xogo ocupará a maior parte da actividade do alumnado nesta idade. Presentaremos na medida do posible as tarefas en forma de xogos nos que todo o alumnado participará de xeito espontáneo. Teremos coidado tanto co contido da proposta de traballo como a forma de presentala, de modo que sexa atractiva e divertida, estimulando a participación.

- Creativa: as nosas propostas estimularán a creatividade no alumnado, fuxiremos de modelos fixos, estereotipados ou repetitivos.

En canto ás técnicas de ensino, basearanse na forma de dar a información inicial e na forma de ofrecer o coñecemento dos resultados ou feedback. Sobre a información inicial dicir que se refire á presentación da sesión e de cada unha das tarefas que a compoñen (está comunicación será verbal ou non verbal). Doutra banda no coñecemento dos resultados proporcionaremos, segundo o grao de desenvolvemento das actividades, os resultados das mesmas xa que o feito dunha comunicación positiva entre o profesor e o alumnado fai que aumente o rendemento na aprendizaxe, tamén podémola facer ao concluír a volta á calma (fase de análise dos resultados segundo o modelo de sesión de Santos Berrocal).

Referente ás canles de comunicación faremos uso dos tres que dispomos: visual, auditivo e kinestásico ou táctil, nalgúns momentos utilizaranse de forma simultánea. Respecto dos estilos de ensino, cabe destacar que seguindo a Escola Americana (Muska Mosston) utilizaremos diversos estilos propostos por este, xa que dependendo da unidade didáctica que esteamos realizando necesitaremos uns ou outros:

Instrución directa: utilizaremos este tipo de estilo cando nos interese unha organización estrita do alumnado. O profesor toma as decisións explicará o xesto e realizará unha demostración de como se realiza. O alumno é pasivo e receptivo. O control do profesor é constante e realizará unha valoración global ao finalizar a sesión

Asignación de tarefas: neste tipo de estilo o alumnado poden opinar, o profesor conversará con eles, dará as ordes ao comezo e ao final. Interézanos este tipo de estilo cando queiramos que o alumnado realice o exercicio ao seu ritmo ou nivel sen que isto supoña individualizar xa que o traballo é o mesmo para todos.

Descubrimento guiado: formularase un problema motor dando a información necesaria. O profesor nunca dará a resposta motora, servirá de guía ao alumnado quen tomará as decisións de execución e autoavaliarase. Esperarase sempre á resposta do alumnado e reforzaranse as correctas (a resposta adoita ser única).

Resolución de problemas: formularase un problema motor e o alumnado debe atopar a resposta por si mesmo, con total liberdade. As alternativas de solución son maiores, as respostas son varias, a solución debe ser coñecida con anterioridade pero o problema debe supoñer un reto. O profesor non debe rexeitar as respostas dos alumnos. Doutra banda seguindo á Escola Francesa en relación co anterior, nesta programación utilizaremos tarefas semidefinidas, nas que lles explicaremos o obxectivo a conseguir pero non lles daremos as operacións a realizar ou o modelo a seguir para conseguir o devandito obxectivo, e tarefas definidas, nas que daremos o modelo a imitar e reproducir.

Nas nosas sesións o profesor adoptará a posición que máis lle conveña para que exista unha boa comunicación co

grupo, para que non se produza interferencias á hora de presentar as tarefas. Esta posición pode ser externa (onde será o eixo central da clase, para dar información para que sexan percibidas con claridade polos alumnos) ou unha posición interna (que permitirá realizar un maior seguimento das actividades realizadas e dar no acto un coñecemento dos resultados para provocar o feedback).

Temos en conta tamén a organización do grupo/clase, esta estará supeditada á sesión que realicemos, polo que nas unidades didácticas daremos información de como levará a cabo esta realización.

Algúns principios básicos que se terán en conta ao longo de todas as sesións son os seguintes:

Reforzo positivo: é importante que o alumnado estea continuamente motivado, o que propiciará unha sensación de éxito e confianza mediante o coñecemento dos seus progresos e os eloxios por parte do profesor. Desta forma, crearase un ambiente de confianza no que o alumnado se sinta seguro.

Progresión: Hai que seguir unha progresión de exercicios; é dicir, ir do doado ao difícil, do sinxelo ao complexo, paulatinamente.

Intensidade: os estímulos dados serán o suficientemente intensos para que os exercicios sexan asimilados axeitadamente.

Transferencia: cando se efectúa un novo movemento, este debe basearse no patrón doutros movementos aprendidos anteriormente.

Intereses: os exercicios formulados ao alumnado deben estar de acordo cos intereses e necesidades destes, para lograr unha aprendizaxe significativa.

Individualización: hai que respectar as características morfolóxicas, fisiolóxicas e funcionais de cada neno. Cada un "é como é". De aí que á hora de avaliar se teña en conta a actitude e a aptitude.

Participación: non haberá aprendizaxe se o neno non participa activamente.

Ademais, o docente non debe esquecer as seguintes pautas de actuación:

Preparará sempre a clase para evitar rutina e improvisación.

Dará explicacións breves, claras e concretas.

Crearé un clima de atención.

Cando se necesite, fará demostracións dos exercicios.

Utilizará vocabulario axeitado segundo o nivel do alumnado.

Durante as explicacións e demostracións, colocarse en lugares visibles para que o alumnado o escoiten e vexan sen dificultade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material e Recursos

O centro está dotado cunha serie de recursos materiais que dividimos en:

Material convencional, dentro este temos:

- Gran material: canastas , bancos suecos, porterías, espaldeiras, colchonetas, quitamiedos, porterías, vallas
- Pequeno material: aros, conos, raquetas , balóns de diferentes materiais, frisbees, indiacas, cordas, birlos, floorball, picas, etc...

Material no convencional, como:

- Material tomado da vida cotidiana: vasoiras, gomas elásticas, panos, teas...
- Material de utilización inmediata: botellas de plástico e caixas de cartón o cartones, periódicos, latas
- Material manipulado antes de utilizarlo: rana, bolos(representados polas botellas de plástico), maracas, pelotas (feitas con globos, alpiste dentro co guantes de fregar dependendo se a queres con bote o sin el).

Por outro lado, temos o material didáctico como son: tablets, pizarras dixitais, ordenadores (na aula de informática), equipo de música.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A primeira unidade didáctica ("Comenzamos o curso") vai servirnos de avaliación inicial para ir observando as capacidades e limitacións, fortalezas e debilidades do alumnado. Tamén procederemos a valorar os parámetros antropométricos do noso alumnado e calquer información relevante que precisemos (enfermidades, alerxias, discapacidades ou necesidades)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	10	10	8	10	8	8	10	8
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100

Criterios de cualificación:

Avaliacións trimestrais

Sobre un total de dez puntos valoraranse:

1.- Contidos comúns en educación física (máximo de 4 puntos):

Valórase:

a) A asistencia á clase coa indumentaria axeitada (roupa e calzado deportivo, material de hixiene e aseo).

b) O esforzo como forma de superación; saber perder e gañar; aceptar as limitacións; colaborar cos compañeiros; respectar as diferenzas de sexo, raza, crenzas...

c) As faltas de conduta cara ao profesor e compañeiros (comportamentos disruptivos, insultos, agresións, groserías...)

A puntuación correspondente a este apartado é algo co que parte o alumnado; rexistraranse as incidencias negativas.

- Por cada rexistro de incidencia nos apartados "a" ou "b", o alumnado perderá 0,5 puntos.

- Por cada un dos rexistros de incidencia no apartado "c" o alumnado perderá ata un máximo de 2 puntos, dependendo da gravidade da mesma.

2.- Contidos específicos de cada trimestre (máximo de 6 puntos):

Neste apartado valoraranse os estándares de aprendizaxe que sexan definidos segundo a distribución trimestral dos obxectivos da área.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos engadiráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

IN (Insuficiente). 1, 2, 3, 4.

SU (Suficiente). 5

BE (Ben). 6.

NT (Notable). 7, 8.

SB (Sobresaliente). 9, 10.

- A nota en cada trimestre, no caso de aparecer parte decimal, será redondeada ao número enteiro superior desde as 75 centésimas.

Puntuación de cada unidade e obxectivos de cada una:

1º Trimestre:

1. "Comenzamos el curso" (1,5 puntos)

- Participa activamente nas actividades propostas.
- Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
- Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores
- Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía

2. "Os meus sentidos" (1,5 puntos)

- Coñece e identifica as partes do corpo propias.
- Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.
- Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.
- Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.

3. "Coñecemento do corpo: lateralidade" (1,5 puntos)

- Coñece e identifica as partes do corpo propias.
- Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable
- Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.
- Adopta hábitos alimentarios saudables.
- Practica xogos libres e xogos organizados

4. "Espazo e tempo" (3 puntos)

- Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
- Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.
- Participa activamente nas actividades propostas.
- Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.
- Adquire conceptos básicos da percepción e estruturación Espacial e Temporal

2º Trimestre:

5. "Somos equilibristas" (1,5 puntos)

- Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.
- Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.
- Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.
- Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.

6. "Hábiles, áxiles e coordinados!" (3 puntos)

- Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.
- Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
- Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.
- Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.
- Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.
- Adquire as nocións básicas de Coordinación Dinámica General así como Específica (óculo-manuel, óculo-pédica)

7. "Xogos de implementación de pelotas e outros obxectos" (1,5 puntos)

- Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.
- Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.
- Práctica xogos libres e xogos organizados coa introdución de material específico, como: pelotas e balóns de diferentes tipos e tamaños, botellas, etc...
- Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.
- Realiza actividades no medio natural.

8. "Xogos Alternativos" (1,5 puntos)

- Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.
- Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.
- Práctica diferentes tipos de xogos denominados alternativos.
- Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.

3º Trimestre:

9. "Xogos populares e tradicionais" (1,5 puntos)

- Adopta hábitos alimentarios saudables.
- Recoñece xogos tradicionais de Galicia.
- Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.
- Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.

10. "Comunicación corporal" (1,5 puntos)

- Participa activamente nas actividades propostas.
- Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento.

con desinhibición e espontaneidade.

- Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.
- Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.

11. "Xogando coa Contorna" (1,5 puntos)

- Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable
- Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
- Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
- Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.
- Realiza actividades no medio natural e urbano.

12 "As nosas Olimpíadas"

- Realiza diferentes actividades motrices relacionadas coas Olimpíadas Olímpicas, sempre dun xeito axeitado para a súa idade.
- Realiza actividades no medio urbano e natural.
- Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases
- Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.

Avaliación final de curso (Ordinaria)

Con carácter xeral, a cualificación da avaliación ordinaria será a media aritmética, redondeada á alza, das cualificacións trimestrais do curso. En función das características individuais do alumnado, as cualificacións positivas poderán verse modificadas nun máximo dun rango de nota.

- Particularidades:

- A avaliación positiva no último trimestre do curso implica unha nota final positiva aínda que non necesariamente do mesmo rango, logo da aplicación do criterio xeral.
- A avaliación negativa en dous trimestres, e sempre que un deles sexa o último, implica unha nota final negativa.

Criterios de recuperación:

A avaliación positiva no trimestre en curso implica a recuperación do trimestre ou trimestres con avaliación negativa.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é o reto que temos presente diariamente nas nosas aulas e ó que temos que dar resposta de forma óptima para asegurar unha educación con igualdade de oportunidades e de calidade para todo o alumnado.

Atender á diversidade implica tamén atender á diversidade do grupo clase, xa que calquera alumna ou alumno pode presentar algunha dificultade insuperable durante o proceso de ensino aprendizaxe que faga necesaria a atención individualizada. A diversidade engloba situacións, circunstancias persoais puntuais ou permanentes que necesitan seren resoltas para facilitar o acceso á aprendizaxe, a un ensino equitativo e de calidade.

Na área de Educación Física é moi importante centrar a actividade na coeducación, xa que é na actividade física e no deporte onde se pon máis claramente de manifesto a diferenza de sexos. Diversidade non implica segregar, separar, educación diferente, implica igualdade de oportunidades para todas e todos.

Desde o punto de vista da escola normalizadora, debemos entender a educación como un conxunto de recursos materiais e persoais adaptados para atender adecuadamente ás necesidades que poida presentar o alumnado.

A atención á diversidade do alumnado fará referencia por tanto a tres grandes vías potenciais:

- O alumnado que presenta necesidades educativas especiais concretas como consecuencia dunha discapacidade, desvantaxe social ou destreza motriz.
- O alumnado que poida precisar en calquera momento dun reforzo ou adaptación concreta.
- A diversidade de xénero presente na aula.

a. Distribución e organización dos tempos da sesión

- É conveniente que, cando o precisen as sesións programadas, se inclúan xogos ou actividades para o individual e colectivo.

- O traballo da autonomía e autoestima é moi importante cara a eliminar a diferenza na diversidade e reforzar o autoconceito e a autoestima.

b. Obxectivos

Procuraremos propor os mesmos obxectivos para todos, adaptándoos nos casos que sexa necesario, en consonancia cos criterios de avaliación propostos.

c. Contidos a traballar

Centrarémonos en aqueles contidos nos que o alumnado poida integrarse e participar facilmente sen que sexan

necesarias demasiadas adaptacións nin modificacións. A adaptación nesta área non se concreta en ofertar actividades nin contidos diferentes, senón en dar a posibilidade de diferentes opcións, aceptar diferentes solucións, propoñer o mesmo para todos; a mellor adaptación é a que non é percibida polo alumnado. Canta máis diversidade de opcións propoñamos nas sesións máis fácil resultará atender á diversidade de intereses e capacidades de alumnado. A diferenza fundamental está en conseguir tratar os contidos mediante enfoques comprensivos e participativos, non buscar o rendemento físico nin o resultado nas actividades e xogos propostos.

d. A metodoloxía

Debemos esforzarnos por atender á diversidade do grupo, canto menos debamos adaptar mellor se producirá a integración. Metodoloxicamente é máis positivo propor actividades que requiran o mínimo nivel de adaptación, utilizar propostas abertas e con baixo nivel de estruturación.

e. A avaliación

A avaliación debe adecuarse fundamentalmente ás características do alumnado y do contexto. Será ética, ao servizo do alumnado e respectuosa co mesmo, cunha orientación claramente formativa e continua, que sexa unha axuda para o profesor e non unha carga. A conveniencia de adaptacións curriculares individualizadas serán valoradas, consonte á

normativa vixente, coa persoa responsable do departamento de orientación e da titoría.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Activación Promoción Deportiva							X	X
ET.2 - Igualdade de homes e mulleres	X	X	X	X	X			
ET.3 - Compresión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Semana das Letras Galegas								
ET.6 - Educación Ambiental							X	X
ET.7 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Activación Promoción Deportiva	X	X	X	
ET.2 - Igualdade de homes e mulleres				
ET.3 - Compresión lectora	X	X	X	X
ET.4 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X	X
ET.5 - Semana das Letras Galegas	X	X	X	X
ET.6 - Educación Ambiental	X	X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.7 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Traballaremos en pro dunha igualdade de xénero en cada unha das actividades propostas para afianzar os obxectivos do Plan de Igualdade que ten recollido o noso centro educativo.

Levaremos a cabo en cada unha das unidades didácticas propostas actividades de carácter cooperativo para aprender a traballar en equipo e promover e ser conectores para transmitir a importancia de facer actividade física tanto no centro educativo como fóra del, xa sexa, no día a día, ou na fin de semana para obter uns beneficios positivos cara ao seu organismo e a súa Saúde.

En relación co aspecto lectoescritor desenvolveremos actividades destinadas no período lector para consolidar uns dos obxectivos básicos na formación da Educación Primaria.

Tamén desenvolveremos diferentes tipos de xogos e actividades para fomentar o noso acervo cultural, dentro do período das Letras Galegas, así como unha mellor Educación Ambiental da nosa contorna e o seu mantemento.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividade Promoción Deportiva	Coñecemento de diferentes modalidades deportivas		X	
Igualdade entre Homes e Mulleres	Actividades de xénero en igualdade	X		
Educación vial	Desenvolvemento de actividades enfocadas a coñecer a Educación Vial			X
Educación Ambiental	Desenvolvemento de actividades enfocadas a coñecer, manter e coidar a nosa Contorna			X
Educación para a Saúde	Desenvolvemento de actividades enfocadas a coñecer a importancia da Saúde	X	X	

Observacións:

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiren os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns.

Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación do profesor e a relación que se establece entre el e o alumno reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo.

Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativos está involucrado.

Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

Baseándonos na lei educativa actual e na concreción no Decreto de Currículo de Ed. Primaria traballaremos os elementos transversais presentados a continuación:

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Grao de execución das Actividades propostas
Medidas de atención á diversidade
Relacións entre as sesións lectivas previstas en cada grupo e as realmente realizadas
Clima de traballo na aula
Asistencia do alumnado
Alumnado que acade coa Avaliación negativa en cada grupo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Reunións de titorías realizada coa familia do alumnado

Descrición:

- 1.- Establécese un grao de execución mínimo do 80% dos bloques de contidos e/ou unidades didácticas programadas en cada trimestre. Para a conformidade na execución global da programación do curso acadarase o 80% da mesma.
- 2.- O criterio de aceptación para cada trimestre establécese no 85% do horario previsto. Aínda non acadando esta porcentaxe poden acadarse os estándares de programación xa que esta contempla sesións de recuperación.
- 3.- Controlarase mediante o programa de xestión XADE e o seu seguimento aterase ao Protocolo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia.
- 4.- Considérase grupo conforme cando a porcentaxe de alumnado con avaliación negativa en cada trimestre é inferior ao 10% Considérase que un curso é conforme cando a porcentaxe de alumnado con avaliación negativa na avaliación ordinaria é inferior ao 7,5% Cando sexa posible, os resultados das avaliacións rexistraranse mediante gráficas comparativas de todos os grupos do mesmo curso.
- 5.- As reunións realizadas polo profesorado coas familias do alumnado, relacionadas con aspectos propios da área de educación física, serán rexistradas en documentos individuais nos que, cando menos, quede recollida a data da reunión, asistentes á mesma, temas tratados e decisións adoptadas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación non só afecta aos procesos de aprendizaxe do alumnado senón tamén ao resto dos elementos implicados no proceso de ensino - aprendizaxe: o profesorado, o deseño curricular e o propio sistema de avaliación. Neste senso, aos datos achegados pola avaliación continua do alumnado, débese incorporar a información sobre a idoneidade dos distintos compoñentes da programación.

A avaliación da programación docente concrétese:

- Na comprobación dunha correcta temporalización e concreción das unidades da programación.
- Na reorientación continua derivada da aplicación da programación didáctica na aula e da análise do seu grao de adecuación ao contexto específico de cada grupo. A partir de dita análise estableceranse as medidas de mellora que se consideren máis axeitadas.
- Nos resultados das diversas avaliacións do alumnado logo da aplicación total da programación.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36010711	CEP Dr. Fleming	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	2º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introducción

O CEP Dr. Fleming encóntrase na rúa Ourense, 15 da cidade de Vigo na zona escolar oito. A dirección de correo electrónico é cep.fleming@edu.xunta.gal e a páxina web <http://www.edu.xunta.gal/centros/cepfleming/>. O Centro está situado nunha zona totalmente urbana aínda que é de subliñar a proximidade do parque do Castro, lugar de espaxemento para pequenos e maiores, con zonas de lecer, de xogo e maravillosas vistas á ría. Neste mesmo espazo están situados o I.E.S. do Castro, a E.E.I. Vila Laura e a Escola Municipal de Música, formando así unha zona educativa privilexiada. Nun radio inferior a cincocentos metros do Colexio atopamos outros dous centros de Secundaria (Santa Irene e Santo Tomé), tres centros de saúde (Povisa, Nicolás Peña e Pintor Colmeiro), máis dunha ducia de librerías e quioscos de prensa; a Casa da Xuventude está situada a poucos metros do centro, cunha biblioteca de literatura infantil, unha ludoteca e numerosas actividades organizadas polos monitores e monitoras que alí traballan, sendo socios da mesma un número importante do alumnado do Centro. O noso centro é liña catro e contamos con 24 aulas. O claustro está formado por 42 mestres e mestras. Tamén conta con profesorado de PROA. No segundo curso hai 87 alumnos e alumnas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Identificar entre varias a solución adecuada a un problema.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resoven matematicamente.	Expón exemplos de problemas a partir de situacións cotidiás.		
CA3.4 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Indica con esquemas ou secuencias os pasos dunha rutina ou tarefa.		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		
CA5.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa e o rol que lle corresponda no equipo adoptando un comportamento responsable		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade - Identificación, lectura, escritura e representación (recta numérica, ábaco, bloques multibase e outros materiais manipulativos) de números naturais ata o 999. - Composición, descomposición e recomposición de números naturais en contextos cotiáns ata 999 investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso seguido. - Representación dunha mesma cantidade ata 999 de forma manipulativa, gráfica e numérica segundo requira cada situación, reto ou problema da vida cotiá.

Contidos

- Estimación razoada de cantidades ata o 999 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.
- Sentido das operacións
- Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 999 en contextos significativos, con explicación oral das estratexias desenvoltas, iniciación na autorregulación do proceso e valoración do erro como parte da aprendizaxe.
- Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados.
- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, elaboración con flexibilidade e sentido, expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados, expresión ordenada destes e explicitación do proceso seguido.
- Formulación de problemas que se resolvan con operacións de suma e resta baseados en situacións habituais que permitan establecer conexións con experiencias propias.
- Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.
- Educación financeira
- Resolución individual e en equipo de problemas sinxelos da vida diaria nos que se manexen prezos de obxectos cotiáns e se empreguen, relacionadas con eses prezos, moedas e billetes de euro, ademais das súas equivalencias.
- Elaboración e representación de problemas nos que sexa necesario empregar e administrar o diñeiro.
- Aproximacións e estimacións en situacións simuladas de compra e venda, contraste da validez de cada estratexia, así como das súas vantaxes e inconvenientes.
- Magnitude
- Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade, temperatura), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima.
- Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás.
- Identificación, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións habituais.
- Construción dun modelo de reloxo analóxico con materiais sinxelos como recurso para coñecer a relación entre os seus elementos, así como a representación das medidas temporais presentes.
- Lectura da hora (en punto, medias e cuartos) en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada.
- Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na xestión das emocións (tempo de espera, tempo de calma e relax, quendas de intervención), na planificación do traballo escolar e no relato de experiencias persoais (secuencias temporais).
- Estimación e relacións
- Experimentación (comparación, ordenación, composición, descomposición) e expresión oral, gráfica ou iconográfica e escrita das equivalencias entre quilo, medio quilo e cuarto quilo ou entre litro, medio litro e cuarto litro.
- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Localización e sistemas de representación
- Localización e posicións no espazo físico cotián a través do xogo: descrición, interpretación e representación da

Contidos

- posición de obxectos e persoas en espazos concretos, relacións espaciais e desprazamentos.
- Interpretación, descrición e deseño de esbozos relacionados con itinerarios en espazos habituais, análises e comparación das producións en equipo, reelaboración individual con valoración do erro como mecanismo de mellora e explicación do proceso con vocabulario de posición (arriba, abaixo, diante, detrás, entre, preto, lonxe, máis preto que, menos preto que, máis lonxe que, menos lonxe que, próximo, afastado, á beira) e de elementos xeométricos básicos.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Resolución en equipo de problemas da vida cotiá relacionados cos outros sentidos matemáticos mediante modelos xeométricos, con elaboración de hipóteses sinxelas, explicación do significado dos datos, contraste dos resultados obtidos e indicación do proceso seguido.
- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, a linguaxe oral, a contorna físico-natural, os xogos e planos do seu contexto próximo.
- Patróns
- Estratexias para a identificación das regularidades nunha colección ou secuencia de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás, con descrición oral e extensión da secuencia.
- Modelo matemático
- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas en equipo con debuxos, pictogramas, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións para a súa comprensión, recoñecemento de datos, elaboración e contraste de hipótese, procura do procedemento adecuado, comprobación de solucións e verbalización ou explicación do realizado.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) co uso guiado de estratexias.
- Organización e análise de datos
- Lectura e interpretación de datos en representacións gráficas sinxelas para resolver problemas significativos.
- Resolución de problemas cotiás, familiares e próximos en equipo co emprego de estratexias sinxelas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos e cuantitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos simples e recursos tradicionais manipulables e tecnolóxicos.
- Representación de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais, físicos e escolares), logo da observación e reconto, con gráficos sinxelas (barras, pictogramas) e recursos tanto non convencionais (obxectos cotiás, imaxes, regras, policubos, encaixables, pezas de construción, bloques) como convencionais e tecnolóxicos para comunicalos.
- Incerteza
- Distinción, nun ámbito lúdico e cotián, entre suceso posible e imposible e utilización adecuada deses termos.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Expresión oral, gráfica ou escrita das propias emocións ante as matemáticas para identificalas e atopar fórmulas persoais de xestión.
- Técnicas de xestión das emocións ante as matemáticas: escenificación, autocontrol e adestramento positivo para regular a frustración.
- Promoción de preguntas e pequenas investigacións matemáticas como estratexias para fomentar a curiosidade e iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.

Contidos

- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Actitude crítica no propio traballo en equipo ante actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, analizar producións: responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea.
- Contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático e a súa contribución a ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O proceso de ensinanza e aprendizaxe debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos.
- Posibilitar que as alumnas e os alumnos realicen aprendizaxes significativas por si sos/soas.
- Favorecer situacións nas que o alumnado debe actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para as alumnas e os alumnos, co fin de que resulten motivadoras.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

A METODOLOXÍA ACTIVA. Integración activa do alumnado na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes co fin de participar no deseño e desenvolvemento do proceso de ensinanza e aprendizaxe. A metodoloxía activa organízase como un conxunto de estratexias didácticas que permiten e estimulan ao alumnado a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe. O alumno é o verdadeiro protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o obxectivo fundamental é manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.

A resolución de problemas xunto ás destrezas emocionais formarán parte de cada unidade didáctica. A planificación dun problema representa un desafío para o alumnado e permite que faga uso dos seus coñecementos previos, que incorpore datos doutras áreas, que elabore novos coñecementos ou modifique os adquiridos. A creación de

aprendizaxes significativas involucran varios ámbitos do saber, diversas situacións de aprendizaxe nas que o alumnado constrúe significativamente os coñecementos que serán as súas ferramentas que lle permitan resolver interrogantes e problemas.

A MOTIVACIÓN. Considerarase fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas do alumnado. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo.

AUTONOMÍA NA APRENDIZAXE. Utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.

A GRADACIÓN das actividades, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía. Énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe, que inclúen una reflexión sobre os contidos obxecto de estudo e una revisión final.

O ENFOQUE GLOBALIZADOR. Dado que os contidos traballados illadamente están desprovistos de significado imos proporcionarlle ao alumnado situacións complexas para relacionar ditos contidos, pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa

que calquera actividade realizada polos nenos e nenas pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade, de atención.

A APRENDIZAXE DE INVESTIGACIÓN. Coa aprendizaxe baseada na investigación, na resolución de problemas e descubrimentos: os alumnos/as aprenden a través da abordaxe ou de preguntas, da análise de probas, de conectar ditas probas con coñecementos preexistentes, de sacar conclusións e reflexionar sobre os seus achados. actividades investigativas que permitan elaborar hipótesis, sacar conclusións e reforzar as aprendizaxes máis instrumentais, favorecendo o pensamento crítico e o pensamento científico.

A SELECCIÓN DOS CONTIDOS. Reforzar o aprendido nos cursos precedentes e abrir o coñecemento cara a novos aprendizaxes.

A APRENDIZAXE COOPERATIVA. A interacción é fundamental na aprendizaxe das matemáticas. As estruturas, estratexias e dinámicas de aprendizaxe cooperativa propician a resolución conxunta de tarefas e problemas, potencian a atención á diversidade, a inclusión, a igualdade e, en definitiva, a convivencia. As propostas en equipo brindan a oportunidade de intercambio entre o alumnado, permiten a diversidade de ideas e propostas, favorecen clarificar tarefas, discutir plans, chegar a acordos e consensos, analizar producións... Promoven reflexionar e compartir diferentes maneiras de resolver permitindo aproximarse cada vez máis a un proceso eficaz.

O TRABALLO MANIPULATIVO. A vivencia, manipulación, representación e abstracción son procesos imprescindibles en calquera situación de aprendizaxe; van poñerse en marcha nas situacións arriba sinaladas, situacións contextualizadas, cheas de sentido nas que están presente a exploración e a investigación e nas que é imprescindible responder a unha pregunta, solucionar un reto, lograr unha construción, representar unha vivencia, resolver problemas...

A ENSINANZA INDIVIDUALIZADA. Axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada alumna/o. A atención individualizada considera as características e diferencias persoais pulando pola atención ás necesidades proporcionando atención personalizada favorecendo o principio de igualdade e equidade.

A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. Teremos en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus intereses e motivacións.

A EDUCACIÓN EN VALORES . Presentando actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, conservación da natureza e a convivencia.

TIPO DE ACTIVIDADES.

A metodoloxía debe favorecer a aprendizaxe significativa . Procurarase combinar diferentes tipos de actividades co fin de o alumnado busque a información co fin de favorecer a autonomía individual e o desenvolvemento das diferentes capacidades.

- Traballo individual,
- Traballo en grupo

Os grupos de traballo en equipos serán heteroxéneos, mixtos e diversos. Aplicaranse dinámicas para a mellora do ambiente de clase e a cohesión de grupo e periodicamente actividades relacionadas coa valoración do funcionamento dos equipos, a rotación de cargos, a elaboración e revisións dos plans de grupo ou cadernos de equipo, etc.

COAVALIACIÓN.

Con periodicidade realizaremos unha posta en común co alumnado onde trataremos aspectos como:

- o Que aprendín?
- o Que me resultou máis difícil e teño que mellorar?
- o Como me sentín? Que foi o que máis me gustou?
- o Como foi a relación coas miñas compañeiras e compañeiros?
- o Realizamos ben a tarefa en equipo, organizámonos ben? ...
- o Podo axudar? Deixo que me axuden?

FUNCIÓN DO PROFESORADO

O profesorado vai ser mediador e guía e permitiralle ao alumnado explorar e investigar, fomentando a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, así como o enfrontamento dos retos sen ansiedade. Facilitará o desenvolvemento competencial do alumnado atendendo á diversidade e personalizando os procesos de construción de aprendizaxe. A situacións propostas a exploración e o xogo que espertan sempre o interese do alumnado.

Máis alá da planificación dos tempos, espazos, agrupamentos e outros recursos iniciais, o profesorado, na interacción co grupo adapta cada un destes elementos segundo se requira na dinámica da aula ampliando ou modificando tempos necesarios para investigar, tentar estratexias, equivocarse, volver tentar, contrastar, validar procesos e aplicar a nova aprendizaxe a outras situacións contextualizadas.

É moi importante ir fixando uns hábitos de traballo, fundamentais ao longo de todo o curso: organizar o traballo e o tempo, ter á man o material necesario (material manipulativo, ordenador, calculadora, gráficos) Tamén é preciso contar coa organización de espazos, tempos e recursos da aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material manipulativo convencional propio da área de matemáticas: ábacos, tangram, policubos, regletas, base dez, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos, kataminos, contas de madeira...
Material do método ABN: rectas numéricas, táboas do 100 ao 999, paneis das centenas,...
Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de area.
Material manipulativo non convencional: tapóns, pedras, paos, follas...
Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fíos, lás, ...
Material de debuxo: regra
Euros: moedas e billetes.
Recursos tecnolóxicos e dixitais: libro dixital, panel táctil, calculadora, robot, tablet...
Outros recursos: planos, coleccionables, folletos, publicidade, pelotas, aros, material deportivo en xeral...
Fichas impresas para reforzo ou ampliación dos contidos traballados.
Recursos persoais: mestre/a de apoio na aula.

O currículo da área de matemáticas fai numerosas referencias á manipulación e ao emprego de material para favorecer a comprensión dos distintos contidos que veñen reflectidos nel, polo tanto, o propio texto xa nos dá unha idea dos que deben ser empregados.

Nesta programación fórmulase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación ás que xa se fixo referencia no apartado anterior.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.

Neste senso a avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características, unha aprendizaxe matemática significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias. Nesta área, esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións matemáticas diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes.

A avaliación inicial debe ter dous grandes momentos: un a comezo de curso e outro ao comezo de cada unidade.

Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos nesa aula en concreto. A recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras.

Cómpre saber que sabe e sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de

aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante as matemáticas, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...).

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos, o control dos procesos matemáticos previos, ... de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa.

No proceso de recollida de información e a súa triangulación (entre instrumentos, momentos e/ou persoas), sexa cal sexa o tipo de avaliación inicial que abordemos, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen priorizar nunca unha única opción. Usaranse procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas, probas escritas e cuestionarios. Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escadas de valoración, diarios, anecdóticos, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os item ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rúbricas e guías de observación). Tamén se terán en conta datos procedentes de autoavaliación e a coavaliación.

Ao comezo de curso será de interese avaliar neste nivel:

- A habilidade para establecer relacións entre os obxectos tendo en conta as caualidades ou atributos dos mesmos (color, forma, tamaño,...).
- A capacidade para empregar cuantificadores básicos (uso funcional de números na vida cotiá, cantidade, número e grafía) e significativos en contexto lúdico e en interacción coas demais persoas (relacións de orde, clasificación e comparación).
- A habilidade de situarse en espazos cotiás, aplicando os seus coñecementos sobre nocións espaciais básicas (relacións topográficas básicas).
- A capacidade de identificar situacións cotiás nas que se precise medir usando o corpo ou outros materiais e ferramentas para realizar medidas.
- A habilidade de organizar a súa actividade ordenado secuencias e usando nocións temporais básicas (o tempo: antes-despois, estacións, ciclos, calendario,...).
- A habilidade de xestionar situacións, retos e problemas mediante a planificación, amosando interese e cooperando coas súas e cos seus iguais.
- A capacidade de ir manexando a frustración ante as dificultades ou problemas empregando algunhas estratexias sinxelas.
- A habilidade de preguntar, identificar preguntas matemáticas e verificar as hipóteses que faga a través da manipulación.
- A capacidade de usar secuencias de accións ou instrucións para resolver tarefas sinxelas; o nivel das habilidades básicas de pensamento computacional.
- As habilidades desenvolvidas para traballar en equipo (respecto, quendas,...)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	11	11	11	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos. Ademais de global, tamén será continua e formativa. Os criterios de cualificación da área de matemáticas de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final ordinaria son os que se indican nas táboas anteriores. Hai que ter en conta o indicado respecto das avaliacións parciais suspensas no apartado criterios de recuperación deste mesmo epígrafe.

Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

Actividades e tarefas sobre os contidos traballados na aula procedentes das unidades didácticas: 60% :

- Responder axeitadamente, tanto de forma oral coma escrita, ao que se lle pregunta demostrando dominio na materia .20%

- Utilización correcta dos números (ler, escribir, ordear, comparar, interpretar...).10%

- Realización con precisión dos cálculos necesarios, revisión das operacións...20%

- Resolución de problemas sinxelos da contorna escolar. 10%

Traballo en clase: 20% (autonomía e presentación das actividades).

Actitude persoal ante as tarefas (reflexión, superación, automotivación e aprecio pola corrección) 15%.

Traballo en equipo. 5%

Os criterios de cualificación da área de matemáticas de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final ordinaria son os que se indican nas táboas anteriores. Hai que ter en conta o indicado respecto das avaliacións parciais suspensas no apartado criterios de recuperación deste mesmo epígrafe.

A avaliación das competencias clave da avaliación final ordinaria farase tendo en conta as seguintes directrices:

1) Competencia en comunicación lingüística: os obxectivos de área 1 e 6 son fundamentalmente CCL

2) Competencia plurilingüe: o obxectivo de área 8 ten vinculacións coa CP no sentido de coñecer e respecta a diversidade lingüística e cultural presente no seu contorno, recoñecendo e comprendendo o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia.

3) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería: os obxectivos de área 2, 3 e 5 son fundamentalmente STEM

4) Competencia dixital: o obxectivo de área 4 é fundamentalmente CD.

5) Competencia persoal, social e de aprender a aprender: o obxectivo de área 7.

6) Competencia cidadá: o obxectivo de área 8 ten importantes vinculacións coa CC vinculadas ao traballo en equipo, o respecto, a resolución pacífica de conflitos e a igualdade.

7) Competencia emprendedora: o obxectivo de área 8 ten importantes vinculacións coa CE vinculadas coa capacidade de liderado.

8) Competencia en conciencia e expresión culturais: o obxectivo de área: o obxectivo de área 5 é fundamentalmente CCEC.

CUALIFICACIÓN.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como probas escritas, portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspena. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

Cando un alumno- a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.

b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno-a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planifícanse actividades individuais de traballo.

- c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.
- d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.
- e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:
- f) O nivel de coñecementos.
- g) O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos). Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optárase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.

Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferentes linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as funcións executivas.

Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións.

Ademais convén utilizar procesos de aprendizaxe acordes coa grao de madurez, flexibilizar opcións algorítmicas para permitir que o alumnado poida facelo co seu propio sistema de procesamento, facilitar diferentes fórmulas de resolución, proporcionar fórmulas diversas para relacionar os diferentes aspectos matemáticos e unilos ao contexto real. Trátase de potenciar habilidades e destrezas que leven ao coñecemento de diferentes formas de abordar as solucións matemáticas potenciando a investigación.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por calquera motivo.

Os alumnos e alumnas con calquera dificultade de aprendizaxe e/ou de pronuncia, terán á súa disposición as medidas de reforzo educativo máis convenientes dos que ofrece o Centro. Empregaranse materiais complementarios de fichas que reforcen os contidos a traballar. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados. Contarase sempre co apoio do Equipo de Orientación seguindo as súas pautas sobre as medidas a seguir en cada caso.

Dado que cada alumno/a ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns e dunhas, e actividades que amplíen as das/os outras/os. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno e nena e o seu ritmo de traballo. Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas en cada caso, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e en outro distinto para ampliar, polo que será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena. A planificación desta programación non é ríxida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible.

De aquí que a/o docente, coñecendo o estado inicial do seu alumnado, e sendo este o punto de partida, seleccionará aquilo que mellor poida responder aos propósitos que persiga.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X		
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X		
ET.3 - Comunicación audiovisual				X		X		
ET.4 - Competencia dixital	X	X				X		
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X		
ET.6 - Espírito científico	X	X	X	X	X	X		
ET.7 - Espírito do emprendemento	X		X	X		X		
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X		
ET.9 - Educación para a Paz			X	X	X			
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X		X			X		
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X			X	X			

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura	
ET.2 - Expresión oral e escrita	
ET.3 - Comunicación audiovisual	
ET.4 - Competencia dixital	
ET.5 - Fomento da creatividade	
ET.6 - Espírito científico	
ET.7 - Espírito do emprendemento	
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	

	UD 9
ET.9 - Educación para a Paz	
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	

Observacións:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos matemáticos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais.

Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia matemática, implicando directamente a outras competencias, como a lingüística.

Hai cinco temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades.

Por último, empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reprodución de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa.

Por último, inclúese o tema transversal que parte da biblioteca de centro e marcará as pautas de actuación durante todo este curso 2023-2024 "A máquina no tempo"..

O resto de temas transversais teñen presenza en, alo menos, dúas unidades propostas, aproveitando a temática elixida para o seu tratamento.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O Samaín.	A finais de outubro realizaremos actividades de conteo de centeanas coa temática do Samaín.	X		
O Magosto.	A mediados de novembro traballaremos a resta con levadas na festividade do Magosto.	X		
Receitas de Entroido	Como actividade complementaria desta unidade propónse facer unha degustación no colexio de distintas receitas do Entroido. A este ciclo correspóndelle elaborar doces, e, neste nivel en concreto, orellas.		X	
Mes da ciencia	A finais do segundo trimestre promoveremos uns pequenos experimentos empregando a auga e medidas de capacidade.		X	
O mercado: os euros.	Realización dunha simulación de compra e venda empregando os euros.			X
Excursión de fin de curso	Despois de planificar a saída de forma conxunta, toca gozala e levala a cabo.			X

Observacións:

As unidades didácticas terán asociadas actividades especiais de manipulación e experimentación, sen prexuízo de que, ao longo do curso, poidan aparecer outras interesantes que se poidan levar a cabo. Por exemplo as actividades promovidas dende a biblioteca como a Semana Matemática ou Semana do Cómic. Ademais, todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar serán abordadas taméndice o punto de vista das matemáticas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
- Porcentaxe de alumnado que acada unha valoración positiva na materia de matemáticas. Indicador de logro: 75% do alumnado debe ter avaliación positiva.
Metodoloxía empregada
- Porcentaxe de alumnado que o curso pasado suspendera a materia de matemáticas e que este curso acadou unha valoración positiva. Indicador de logro: 50% do alumnado debe ter avaliación positiva.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
- Porcentaxe de alumnado que estea repetindo curso e que este curso acadou unha valoración positiva na materia de matemáticas. Indicador de logro: 50% do alumnado debe ter avaliación positiva.
Medidas de atención á diversidade
- Eficacia e efectividade dos recursos humanos e materiais empregados nas medidas de atención á diversidade. Indicador de logro: 80% de eficacia (mellora nos resultados académicos do alumnado afectado).
Clima de traballo na aula
- Metodoloxía: porcentaxe de sesións con actividades de aula de traballo cooperativo e colaborativo. Indicador de logro: 70%
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
- Porcentaxe de diminución de conflitos producidos con respecto á 1ª avaliación. Indicador de logro: 50% para a 2ª avaliación e 70% para a 3ª avaliación.

Descrición:

Avaliaremos trimestralmente en relación aos indicadores de logro fixados. No caso de non acadar o indicador de logro proposto, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadalas na seguinte avaliación parcial ou, se estamos na última avaliación, para incluír na programación do vindeiro curso. Naqueles indicadores nos que se emprega a escala de 1 a 4, no que o 1 será o valor mínimo (non acadado) e o 4 será o valor máximo (acadado).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.

- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas,
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36010711	CEP Dr. Fleming	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	2º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

1. Introducción

A presente PD (Programación Didáctica) está enmarcada no "Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Neste centro, hai alumnado procedente doutras rexións e doutros países, e, en moitas ocasións, de incorporación tardía, tanto nun eixe coma no outro farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e da danza do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes das rexións e/ou países do alumnado inmigrante, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente PD está pensada para poder traballar conxuntamente xunto coa outra materia de ámbito artístico deste centro: Educación Plástica e Visual.

Cada unha das 12 UD (Unidades Didácticas) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle ó alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Ao mesmo tempo, procúrase que o alumnado mellore significativamente na súa autonomía ao longo do curso, especialmente no que a producións artísticas se refire. Así pois, búscase tamén que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no curso anterior especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro.

Por último, tendo en conta o difícil contexto COVID, e en coordinación co DO deste centro no seu Plan de Benestar Emocional esta PD pretende, ademais, facilitar o alumnado ferramentas para a súa resiliencia; e que mellor que facelo a través do dito: "quen canta os seus males espanta".

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Mi e Sol queren cantar. Como é o son?	Nesta primeira unidade, ademais de darlle a benvida ó curso, traballaremos con dúas notas (Mi e Sol) e aprenderemos a colocalas dentro do pentagrama. Ao mesmo tempo traballaremos algunhas das cualidades do son como: altura, intensidade e duración.	8	2	X		
2	O coello e a cenoria. Cal dura máis?	Na unidade 2 traballamos figuras musicais que xa coñecemos e introducimos algunha nova: a branca e o seu silencio. Falaremos do compás de dous tempos.	9	3	X		
3	O reloxo sincopado e o Samaín.	Nesta unidade didáctica por un lado traballaremos elementos da partitura, como as liñas divisorias e a dobre barra final; interpretaremos musicogramas con instrumentos de altura inditeterminada, prestando especial atención á caixa chinesa; e cantaremos e acompañaremos cancións que farán referencia á celebración do Samaín e ao outono.	8	3	X		
4	Imos cantando a despedida do ano vello.	Ao longo desta unidade engadiremos unha nota máis ao pentagrama: a nota La.	8	3	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Imos cantando a despedida do ano vello.	Tamén cantaremos e acompañaremos cancións que farán referencia ao inverno e ao Nadal, e faremos fincapé no retrouso e na estrofa.	8	3	X		
5	Láminas sonoras.	Nesta unidade traballaremos cos instrumentos de láminas que temos na aula, aprenderemos os seus nomes e mais a diferenciais (xilófonos, metalófonos e carillóns). Ao mesmo tempo aprenderemos a distinguir dous termos empregados cando falamos de intensidade: forte e piano.	9	3		X	
6	O descoido do dó.	Na unidade 6 coñeceremos as notas Dó e Re, aprenderemos a colocalas dentro do pentagrama e descubriremos a liña adicional. Falaremos tamén da música como acompañante de moitas celebracións e festividades.	8	3		X	
7	Bin Ban	Nesta unidade descubriremos instrumentos coma o clarinete e o fagot, e centraremos nas indicacións de velocidade na partitura: adagio, andante e allegro.	9	3		X	
8	Repites ou respondes?	Con esta unidade descubriremos a música en eco, e a pregunta-resposta. Compreendido xa o compás de dous tempos, tócanos avanzar e traballar o de tres tempos.	8	3		X	
9	A primavera	Neste caso, imos traballar coa paisaxe sonora e coñeceremos un pouquiño da familia de corda a través da primavera de Vivaldi.	8	3			X
10	O trenciño da caipira	Esta unidade tráenos unha nota máis ao pentagrama: o Fa. Coñecemos as tres grandes familias de instrumentos: corda, vento e percusión.	9	3			X
11	Profesións musicais	Descubrimos algunhas das profesións musicais (compositor/a e intérprete) e traballamos as emocións a través da música. Despois de ter visto o compás de dous tempos e o compás de tres tempos, agora chega o compás de catro tempos.	8	3			X
12	Unha vella tiña un can	Nesta derradeira unidade completamos a escala musical coa nota Si e vemos os cambios graduais de velocidade: acelerando e ritardando.	8	3			X

